




Inserción laboral da formación para o emprego

Ano 2010

Inserción laboral da formación para o emprego

Ano 2010

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Emprego e Formación

Instituto Galego das Cualificacións

2013

Observatorio Ocupacional
Instituto Galego das Cualificacións
Dirección Xeral de Emprego e Formación
Consellería de Traballo e Benestar
Xunta de Galicia

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	1
2. OBXECTIVOS	2
3. METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN	3
4. ANÁLISE TERRITORIAL.....	4
4.1. ANÁLISE PROVINCIAL.....	4
4.2. ANÁLISE COMARCAL.....	5
4.2.1. Comarcas urbanas	6
4.2.2. Comarcas que contan con ao menos 100 formados (excluídas as comarcas urbanas)	7
4.2.3. Comarcas que contan con entre 30-100 alumnos formados	8
4.2.4. Comarcas con menos de 30 alumnos formados.....	9
5. ANÁLISE POR FAMILIAS	10
5.1. ALUMNOS FORMADOS E INSERIDOS POR FAMILIA PROFESIONAL	10
5.2. PERFÍS DOS ALUMNOS INSERIDOS POR FAMILIA PROFESIONAL	12
5.3. ESPECIALIDADES FORMATIVAS CON MELLORES RESULTADOS	14
6. ANÁLISE DE ALUMNOS INSERIDOS.....	16
6.1. ALUMNOS INSERIDOS POR SEXO E NIVEL ACADÉMICO	16
6.2. ALUMNOS INSERIDOS POR IDADE E NIVEL ACADÉMICO.....	17
7. ANÁLISE DOS CONTRATOS REALIZADOS	19
7.1. ACTIVIDADE ECONÓMICA DA EMPRESA CONTRATANTE	19
7.1.1. Clasificación por sector económico	19
7.1.2. Clasificación en seccións CNAE.....	20
7.2. GRUPOS OCUPACIONAIS	21
7.2.1. Clasificación en grandes grupos ocupacionais	21
7.2.2. Clasificación en grupos primarios	23
7.3. TIPOLOXÍA DOS CONTRATOS	26
8. EVOLUCIÓN DOS CURSOS 2008-2010	27
8.1. ANÁLISE PROVINCIAL	27
8.1.1. Evolución no número de inseridos.....	27
8.1.2. Evolución na porcentaxe de inserción	28
8.2. ANÁLISE POR FAMILIAS	29
8.2.1. Evolución no número de inseridos.....	29
8.2.2. Evolución na porcentaxe de inserción	31
8.3. ANÁLISE DOS ALUMNOS INSERIDOS	33
8.3.1. Evolución no número de inseridos por grupos de idade.....	33
8.3.2. Evolución no número de inseridos por niveis académicos	34

9.	CONCLUSIONES	35
9.1.	ANÁLISE TERRITORIAL.....	35
9.2.	ANÁLISE POR FAMILIAS	35
9.3.	ANÁLISE ALUMNOS INSERIDOS	36
9.4.	ANÁLISE DOS CONTRATOS REALIZADOS	36
9.5.	EVOLUÇÃO DOS CURSOS 2008-2010	37



1. Introducción

Un dos principais obxectivos da política formativa da Consellería de Traballo e Benestar é mellorar a cualificación profesional e, a través dela, as oportunidades de colocación dos traballadores desempregados

Con independencia do maior ou menor grao de dinamismo que presente o mercado de traballo nun momento dado, a análise do proceso de inserción laboral dos alumnos dos cursos implementados dende a Consellería de Traballo e Benestar, resultan de grande interese cara a perfilar actuacións e políticas educativas e laborais de carácter xeral. Á parte, como é obvio, da utilidade intrínseca que deriva da análise dos ditos fenómenos: o coñecemento da transición do alumnado dende estas accións formativas ao mercado de traballo.

A avaliación dos cursos de formación para o emprego enténdese como un proceso continuo de valoración de resultados que debe ser realizado antes, durante e despois de cada unha das actuacións levadas a cabo co fin de mellorar continuamente a eficacia e a calidade dos programas formativos executados. O sistema de avaliación non se reduce ao período en que os alumnos se atopan participando nos cursos, se non que se amplía ao período posterior á súa finalización. Esta avaliación que nos ocupa neste informe ten como principal obxectivo coñecer o nivel de inserción laboral conseguido polos alumnos formados e a conseguinte influencia que puido ter no logro o feito de ter participado nos cursos de formación ofertados. Deste xeito, o resultado da inserción laboral ilustra e calibra a perspectiva xeral dos cursos de formación para o emprego como instrumento principal para dar resposta a unha necesidade de formación en ocupacións reais do mercado de traballo, e a capacitación para o seu desempeño profesional que permite a actualización constante en función da demanda laboral.

O Instituto Galego das Cualificacións conta cun Observatorio Ocupacional que ten dentro das súas principais funcións a de estudar a relación formación-emplego para coñecer o grao de adaptación efectiva que se consegue entre a formación impartida polas institucións e centros de formación e os requirimentos dos traballos nas empresas. O documento elaborado presenta un informe de resultados a partir dunha análise da inserción laboral dos alumnos participantes nas accións formativas programadas pola Consellería de Traballo e Benestar durante o ano 2010.




2. Obxectivos

Unha das ferramentas que pretende servir como criterio ou apoio na toma de decisións sobre as accións que se deben subvencionar é, precisamente, a información achegada pola avaliación da formación. Ademais de tratar de realizar un seguimento e control dos investimentos que en materia de formación e emprego realiza, a Dirección Xeral de Emprego e Formación está interesada en coñecer o perfil dos participantes nas accións formativas e as repercusións laborais que ten a realización dos cursos nos alumnos. Neste sentido, o obxectivo principal do informe é a análise da inserción laboral dos alumnos formados nas accións formativas dirixidas ao colectivo de desempregados.

Podemos definir outros obxectivos intermedios:

- Medir os efectos das políticas formativas dende una perspectiva do mercado de traballo. É dicir, coñecer o alcance e adecuación da oferta formativa respecto aos requirimentos da actividade económica actual.
- Identificar aquelas accións formativas que contan cun nivel de inserción laboral maior, así como o perfil das persoas que, tras acudir aos cursos, acceden ao emprego.

OBXECTIVOS INTERMEDIOS





3. Metodoloxía e fontes de información

Para a elaboración deste informe tomamos como referencia, exclusivamente, os cursos ofertados a desempregados. As vías de programación foron as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), e as accións formativas para desempregados programadas no Fondo Social Europeo (FSE). Os anos estudados son os correspondentes ao alumnado 2008, 2009 e 2010, aínda que centrándonos especialmente neste último.

Partimos da análise dos resultados descritos para aqueles alumnos que obtiveron o seu certificado acreditativo, descartando aqueles outros que obtiveron resultado negativo ou ben abandonaron o curso por diferentes causas.

Traballamos co concepto de inserción bruta: consideramos inseridos aos alumnos que conseguiron un contrato laboral no ano natural seguinte á realización do curso. É dicir, un alumno que rematou o curso en novembro de 2009 estará inserido si conseguiu un contrato rexistrado ao longo de todo o ano 2010. Quedarían excluídos da análise aqueles que se estableceron por conta propia.

O ámbito xeográfico de referencia é Galicia con resultados desagregados por provincias e comarcas tendo en conta o domicilio do centro impartidor.

O informe desenvolve os resultados da inserción dos alumnos formados agrupados por familia profesional e distribuídos en función de diversas variables: sexo, idade, nivel académico, tipoloxía da contratación, actividade económica e grupos ocupacionais.

A análise complétase cunha evolución da inserción do alumnado contemplada dende unha perspectiva que abarca os alumnos formados nos anos 2008, 2009 e 2010 e inseridos no ano natural seguinte. As variacións porcentuais que se utilizan fan referencia a unha evolución anual -por exemplo o ano 2010 con respecto a 2009-, e unha evolución interanual que recolle a variación do último ano con respecto á media dos dous anos anteriores. A fórmula empregada para averiguar estes dous indicadores foi a seguinte:

$$\blacksquare \text{ Variación anual} = \frac{\text{Valor ano } n - \text{Valor ano } n-1}{\text{Valor ano } n-1} \times 100$$

$$\blacksquare \text{ Variación interanual} = \frac{\text{Valor ano } n - \text{Media valor dous anos anteriores}}{\text{Media valor dous anos anteriores}} \times 100$$

O rexistro de contratos que utilizamos para comprobar o grao de inserción real do alumnado foinos subministrado polo acceso directo á base de datos que serve de soporte á sección de contratos das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Por outra banda, a base de datos do Sistema de formación para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar (SIFO) ofrece información sobre os cursos impartidos.



4. Análise territorial

A programación de cursos dirixida a desempregados no ano 2010 acadou un total de 17.159 alumnos formados, dos que conseguiron inserirse laboralmente un 45%.


4.1. Análise provincial

Atendendo á repartición nas catro provincias galegas a situación é a que segue:

	Formados	Inseridos	% inserción
A Coruña	5.756	2.601	45%
Lugo	2.679	1.241	46%
Ourense	3.201	1.385	43%
Pontevedra	5.523	2.440	44%
GALICIA	17.159	7.667	45%

As provincias da Coruña e Pontevedra aglutinan un 65% do alumnado. No entanto, os resultados máis extremos atópanse nas outras dúas provincias: Lugo, cun 16% dos alumnos formados, presenta a única inserción que supera á media galega, mentres que Ourense, formando un 19% do total, sitúase dous puntos por debaixo. Esta situación recolleráse no diagrama de barras seguinte.

Alumnos formados e inseridos por provincias





4.2. Análise comarcal

A análise provincial resulta moi xenérica para unha programación de cursos que, en moitos casos, se realiza partindo dun anexo de prioridades formativas de carácter comarcal.

En calquera caso, analizar de xeito conxunto as 53 comarcas galegas resulta pouco homoxéneo xa que o volume de alumnos formados e inseridos que podemos atopar en cada unha delas non permite extraer conclusións xerais.


Será pois necesario estratificar estas áreas territoriais partindo do volume de alumnos formados e, deste xeito, poder establecer comparativas entre zonas semellantes entre si.

Partindo deste criterio imos clasificar as 53 comarcas en catro grupos de análise:

- Comarcas urbanas (referidas ás sete grandes cidades): A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.
- Comarcas que contan con ao menos 100 alumnos formados, excluídas as das sete grandes cidades.
- Comarcas que contan con ao menos 30 alumnos formados e menos de 100.
- Comarcas con menos de 30 alumnos formados.

Segundo esta distribución a repartición do total dos 17.159 alumnos formados corresponderíase co seguinte gráfico de sectores:

Alumnos formados por comarcas agrupadas






As diferenzas son substanciais e permiten comprender o diferente peso relativo que teñen as 53 comarcas na análise.

As comarcas con menos de 30 alumnos formados non teñen representación gráfica, xa que non acadan nin un 1%.

4.2.1. Comarcas urbanas

Estas sete comarcas presentan un volume de alumnado (65%) que, moitas veces, condiciona a inserción global da súa respectiva provincia.

A situación con respecto á media de Galicia é a que segue:




Existe unha dispersión de cinco puntos nos datos de inserción entre as sete comarcas. Esta variación iría dende o 46% acadado en Lugo (que é a única destas comarcas que supera a media galega) e o 41% de Pontevedra que presentaría o peor dos datos de inserción.

A inserción parcial acadada neste grupo acada o 44% polo que a consecución dun punto máis para chegar á media galega obtense polos resultados de inserción conseguidos nas outras comarcas.



4.2.2. Comarcas que contan con ao menos 100 formados (excluídas as comarcas urbanas)

O seguinte diagrama de barras resume a situación dun total de 23 comarcas que representan o 29% dos alumnos formados:



As comarcas que superan un 50% de inserción son O Condado, A Barcala, Chantada e A Mariña Occidental. Esta última sitúase entre as que contan cun maior número de alumnos formados.

Especialmente relevante é o caso de Eume e O Ribeiro ao acadar o 62%.



Dentro das comarcas que contan con máis de 200 alumnos formados, as que presentan mellores resultados son, a citada Mariña Occidental, e ademais O Morrazo, Deza e Terra Chá, superando todas elas a media de Galicia.


A comarca do Salnés é a que conta con máis alumnos formados e obtén o mesmo resultado relativo que as áreas urbanas (44%).

O conxunto destas 23 comarcas obtén unha inserción media do 46%, situándose lixeiramente por riba da media galega.

4.2.3. Comarcas que contan con entre 30-100 alumnos formados

Este novo bloque de análise caracterízase por unha serie de 17 comarcas que, sen ter un gran volume de alumnos (6%), obtén en xeral bos resultados, e son poucas as que se sitúan por debaixo da media galega.

A situación aparece reflectida na gráfica seguinte:





Cómpre salientar o caso de Terra de Celanova onde a inserción é dun 76%. Esta comarca formou un total de 58 alumnos e destes atoparon traballo 44.

Algunhas das comarcas superan o 50% de inserción, un total de 6: Ordes, Noia, Xallas, A Ulloa, Ortegal e Muros. Esta circunstancia podería indicar que os territorios pequenos dirixen a formación cara a unha demanda de emprego específica e máis recoñecible.

Apreciamos claramente como tan só 5 comarcas se sitúan por debaixo da media galega. Destas, a Mariña Oriental conta con máis de 50 alumnos formados, mentres que as outras catro presentan un volume de alumnado baixo.

O conxunto das 17 comarcas obtén un 50% de inserción situándose cinco puntos por riba da media galega.

4.2.4. Comarcas con menos de 30 alumnos formados

O número de alumnos formados nestas comarcas non permite extraer conclusións significativas sobre as porcentaxes de inserción acadadas.

As comarcas que estarían incluídas neste bloque serían: Arzúa, O Sar, Terra de Trives, A Fonsagrada, Quiroga e Terra de Caldelas.



5. Análise por familias

5.1. Alumnos formados e inseridos por familia profesional


A metade do alumnado dos cursos concéntrase en tres familias: Administración e Xestión, Servizos Socioculturais e á Comunidade, e Informática e Comunicacóns. Consecuentemente, en termos absolutos, son estas tres mesmas familias as que presentan un maior número de alumnos inseridos.

	Formados	Inseridos	% inserción
Actividades Físicas e Deportivas	146	78	53%
Administración e Xestión	3.363	1.433	43%
Agraria	472	211	45%
Artes e Artesanías	70	22	31%
Artes Gráficas	556	220	40%
Comercio e Márketing	692	312	45%
Edificación e Obra Civil	646	259	40%
Electricidade e Electrónica	591	261	44%
Enerxía e Auga	256	137	54%
Fabricación Mecánica	670	353	53%
Formación Complementaria	28	14	50%
Hostalaría e Turismo	844	368	44%
Imaxe e Son	130	57	44%
Imaxe Persoal	270	117	43%
Industrias Alimentarias	97	41	42%
Informática e Comunicacóns	2.512	873	35%
Instalación e Mantemento	151	80	53%
Madeira, Moble e Cortiza	269	111	41%
Marítimo Pesqueira	105	52	50%
Sanidade	940	436	46%
Seguridade e Medio Ambiente	152	71	47%
Servizos Socioculturais e á Comunidade	2.702	1.407	52%
Téxtil, Confección e Pel	91	39	43%
Transporte e Mantemento de Vehículos	1.406	715	51%
GALICIA	17.159	7.667	45%

No entanto, en termos relativos, tan só aparecería destacada a familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade (52% de inserción).



Graficamente a inserción das familias profesionais con respecto ao 45% de media galega aparece recollida no seguinte gráfico de barras:



Cómpre salientar unha pouca dispersión dos resultados agrupándose en torno a un 40-55% de inserción bruta. As dúas familias que claramente aparecen fóra deste intervalo, reflectindo os peores resultados relativos son: Artes e Artesanías e Informática e Comunicacions. Esta última conta cunha presenza destacada de alumnos formados e inseridos, pero a porcentaxe de inserción dá un dos resultados máis pobres.

Noutra banda sitúanse as familias que aínda que non contan con tanta participación de alumnado os resultados relativos as sitúan por riba dun 50% de inserción bruta: Actividades Físicas e Deportivas, Enerxía e Auga, Fabricación Mecánica, Instalación e Mantemento e Transportes e Mantemento de Vehículos. Caso á parte sería o da familia de Servizos Socioculturais acadando un 52% de inserción xunto cun 16% do total do alumnado.

Nun estado intermedio estarían tres familias que, aínda que non reflicten os mellores resultados, si estarían por riba da media de Galicia: Marítimo-Pesqueira, Seguridade e Medio Ambiente e Sanidade.



5.2. Perfis dos alumnos inseridos por familia profesional¹

Nos seguintes cadros presentamos, de xeito esquematizado, o perfil máis habitual por familia profesional das persoas que conseguen un contrato no ano seguinte ao remate do curso:

ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN • Muller • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	AGRARIA • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio
ARTES E ARTESANÍAS • Muller • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	ARTES GRÁFICAS • Muller • 26 a 45 anos • Titulados universitarios	COMERCIO E MÁRKETING • Muller • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio
EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	ENERXÍA E AUGA • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio
FABRICACIÓN MECÁNICA • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	HOSTALARÍA E TURISMO • Muller • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	IMAXE E SON • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio

¹ Para elaborar estes perfís, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.



IMAXE PERSOAL • Muller • <=25 anos • Titulación ensino obrigatorio	INDUSTRIAS ALIMENTARIAS • Muller • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS • Muller • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio
INSTALACIÓN E MANTEMENTO • Home • 26 a 45 anos • Formación profesional	MADEIRA, MOBLE E CORTIZA • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	MARÍTIMO-PESQUEIRA • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio
SANIDADE • Muller • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE • Muller • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio
TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL • Muller • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS • Home • 26 a 45 anos • Titulación ensino obrigatorio	

Os homes insírense en maior medida no sector primario, na construción, nas actividades técnicas e industriais, en xeral, e en menor medida nos servizos. As mulleres, pola contra, destacan claramente no sector servizos e en actividades industriais moi concretas como a industria alimentaria ou o téxtil.

O nivel académico apunta claramente ao ensino obrigatorio con dúas excepcións moi destacables: os titulados universitarios nas Artes Gráficas (onde aparecen tamén máis mulleres) e na familia de Instalación e Mantemento onde aparece un perfil de formación profesional.



O intervalo de idade de 25-45 pola súa amplitude recolle a maior parte dos inseridos, coa excepción das mozas novas que aparecen destacadas na familia de Imaxe Persoal.

5.3. Especialidades formativas con mellores resultados

Presentamos a continuación unha listaxe de cursos seleccionados por cumprir os seguintes requisitos:

- Ter máis de 30 alumnos inseridos
- Reflectir unha inserción superior á media galega (45%)

ESPECIALIDADE FORMATIVA		Formados	Inseridos	% Inserción
SANC01	Atención especializada para enfermos de alzhéimer	505	248	49%
SSCS0108	Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	473	248	52%
SSCF10	Formador ocupacional	412	215	52%
SSCS01	Coidador de discapacitados físicos e psíquicos	416	202	49%
SSCS0208	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	332	198	60%
TMVC31	Condutor de vehículos clases C1-C	365	189	52%
TMVC30	Condutor de camión pesado	324	179	55%
FMEL50	Soldador de estruturas metálicas lixeiras	253	132	52%
SANC3007	Auxiliar de enfermería en xeriatria	254	128	50%
SSCS10	Monitor sociocultural	189	92	49%
AGAE10	Traballador forestal	146	89	61%
ENAE30	Técnico de sistemas de enerxías renovables	155	76	49%
ARGD10	Técnico auxiliar en deseño gráfico	135	61	45%
ELER10	Electricista de mantemento	112	60	54%
HOTR0408	Cociña	100	55	55%
ADGF60	Empregado de xestión financeira de empresas	91	53	58%
ELEL13	Instalacións de enerxías renovables en edificios	96	51	53%
TMVC32	Condutor de camiós de remolque clase E	84	50	60%
IFCI21	Técnico en seguridade de redes e sistemas	80	46	58%
AGAO0208	Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes	91	44	48%
ARGD30	Técnico auxiliar en deseño industrial	91	44	48%
ADGA40	Administrativo contable	82	40	49%
HOTR0208	Operacións básicas de restaurante e bar	72	37	51%
SSCS20	Monitor de educación ambiental	63	37	59%
ADGI20	Secretario/a	79	36	46%
MAMS40	Ebanista	74	36	49%
ENAE0208	Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas	62	36	58%
COMV44CCC	Dependente polivalente de distribución alimentaria	57	35	61%
XXSCS0486	Animador xerontolóxico	60	33	55%
COMP20	Escaparatista	60	32	53%



Deste xeito eliminamos cursos que, aínda que dan insercións elevadas, o volume de alumnado que manexan non resulta relevante nin concluínte nun estudo destas características.

Con respecto á listaxe anterior hai que indicar, en primeiro termo, que moitos dos cursos relacionados foron dados de baixa ao substituírse por novos certificados de profesionalidade; no entanto, pasamos a analizar os resultados descritos atendendo á programación referida ao ano 2010.

A rama de dependencia, tanto da familia de Servizos Socioculturais como de Sanidade, destaca claramente cun bo número de cursos situados dentro dos que contan cun maior número de inseridos. Así mesmo, cómpre salientar os resultados reflectidos polos condutores de camións, a soldadura, os formadores ocupacionais e os monitores socioculturais.

As tres familias citadas polo de agora, Servizos Socioculturais, Transportes e Mantemento de Vehículos e Fabricación Mecánica presentan insercións altas por riba do 50%. No resto da táboa atopamos cursos que pertencen a familias con bos resultados como os de Enerxía e Auga, Agraria, ou Comercio, xunto con outros cursos que pertencen a familias cunha inserción inferior á media galega:

- ✳ ARTES GRÁFICAS: Técnico auxiliar en deseño gráfico (45%), ARGD30 Técnico auxiliar en deseño industrial (48%)
- ✳ ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA: ELER10 Electricista de mantemento (54%), ELEL13 Instalacións de enerxías renovables en edificios (53%)
- ✳ HOSTALARÍA E TURISMO: HOTR0408 Cociña (55%), HOTR0208 Operacións básicas de restaurante e bar (51%)
- ✳ ADMINISTRACIÓN e XESTIÓN: ADGF60 Empregado de xestión financeira de empresas (58%), ADGA40 Administrativo contable (49%) e ADGI20 Secretario/a
- ✳ INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS: IFCI21 Técnico en seguridade de redes e sistemas (58%)
- ✳ MADEIRA E MOBLE: MAMS40 Ebanista (49%)

Estas accións formativas obteñen, por si mesmas, bos resultados.

Analizando estritamente as insercións acadadas destacan claramente unha serie de cursos que chegan ao 60% de inserción:

- **SSCS0208** Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (novo certificado de profesionalidade)
- **AGAE10** Traballador forestal (curso derogado)
- **TMVC32** Conductor de camións de remolque clase E
- **COMV44CCC** Dependente polivalente de distribución alimentaria (curso con compromiso de contratación)



6. Análise de alumnos inseridos

As tres variables que se van analizar neste punto son a idade, o sexo e o nivel académico.


Antes de entrar na análise do cruzamento das distintas variables imos enmarcar a situación máis habitual no perfil do alumno inserido.

O 58% dos inseridos son mulleres, aínda que debemos ter en conta que o volume de mulleres formadas tamén é superior o dos homes (aproximadamente un 55% do alumnado).

Se estudamos de xeito illado o nivel académico atopamos que a titulación ensino obrigatorio é o nivel máis habitual reflectindo un 43% do total dos inseridos (como tamén quedou patente en todas as familias profesionais á hora de facer o seu perfil), seguido pola formación profesional que presenta un 21%.

O 69% dos inseridos pertencen ao grupo de idade intermedio de 26-45 anos, mentres que o grupo de máis idade representa tan só un 11% do total.

O perfil máis habitual dentro dos alumnos que atopan traballo no ano seguinte á realización da acción formativa quedaría reflectido no seguinte cadro:



6.1. Alumnos inseridos por sexo e nivel académico

Na seguinte táboa presentamos os resultados combinando estas dúas variables:

Niveis académicos	Homes	Mulleres	Total
Ata certificado de escolaridade	444	391	835
BUP / bacharelato superior / COU	403	613	1.016
Formación profesional	667	956	1.623
Titulación ensino obrigatorio	1.490	1.802	3.292
Titulados universitarios	252	649	901
Total	3.256	4.411	7.667


O volume de mulleres inseridas supera os homes en todos os niveis académicos, agás no nivel de cualificación máis baixo que se corresponde con “ata certificado de escolaridade”. Esta circunstancia indica unha maior contratación masculina nas ocupacións elementais,



relacionadas en gran medida con actividades de peonaxe (peóns industriais, peóns do transporte, peóns de obras públicas e peóns forestais). Esta situación acentúase entre os homes de menos de 25 anos que, moitas veces, non rematan os seus estudos e deciden incorporarse ao mercado laboral.

O maior diferencial entre ambos os dous sexos é o referente aos titulados universitarios onde as mulleres inseridas representan un 72% do total da inserción reflectida na táboa anterior. A única familia na que, como perfil habitual, aparecen os titulados universitarios é a de Artes Gráficas, onde tamén aparecen sinaladas as mulleres.

O seguinte gráfico de barras mostra visualmente as diferenzas comentadas na análise das variables sexo-nivel académico:



6.2. Alumnos inseridos por idade e nivel académico

Na seguinte táboa presentamos os resultados combinando estas dúas variables:

	<=25	26 a 45	>=46	Total
Ata certificado de escolaridade	226	499	110	835
BUP / bacharelato superior / COU	174	717	125	1.016
Formación profesional	351	1.137	135	1.623
Titulación ensino obrigatorio	693	2.209	390	3.292
Titulados universitarios	98	753	50	901
Total	1.542	5.315	810	7.667

A titulación de ensino obrigatorio resulta o nivel académico máis habitual en todos os intervalos de idade.




Se atendemos de forma separada cada grupo de idade atopamos unha clara diferenza: o grupo de 26-45 anos é o que presenta un menor peso porcentual relativo do nivel de “ata certificado de profesionalidade” representando un 9% do total de inseridos neste grupo; pola contra, os máis novos contan un 15% de inseridos neste grupo e o de maior idade un 14%.

Incidindo nesta idea o grupo de idades intermedias é o que conta cun maior peso relativo de licenciados diplomados (14%) mentres que para os outros dous grupos é o nivel menos representativo acadando, en ambos os dous casos, un 6% do total dos seus respectivos grupos de idade.

Esta situación resulta coherente xa que o intervalo de 26-45 anos conta con persoas que xa remataron o seu período formativo e está tratando de atopar un traballo. Os máis novos non tiveron tempo, en moitos casos, de rematar os seus estudos, ben porque continúan con eles, ou ben porque decidiron incorporarse ao mercado laboral. Por último, os maiores que teñen estudos superiores acostuman ter unha situación laboral estable, de aí que non aparezan reflectidos en gran medida en cursos dirixidos a desempregados.

O seguinte gráfico de barras mostra visualmente as diferenzas comentadas na análise das variables sexo-nivel académico:



Se observamos a barra dos titulados universitarios apreciamos claramente o escaso peso representado tanto polos máis novos como polos maiores de 46 anos.



7. Análise dos contratos realizados

Atopamos de interese analizar o conxunto dos contratos realizados ao colectivo de alumnos inseridos para coñecer a súa realidade laboral.

Para levar adiante esta análise estudaremos o número de contratos realizados segundo a actividade económica da empresa, a tipoloxía contractual e a ocupación que consta no contrato.


7.1. Actividade económica da empresa contratante

7.1.1. Clasificación por sector económico

A maioría dos contratos realizados, un 81%, son no sector servizos. Este é o único sector onde as mulleres se sitúan claramente por riba dos homes acadando un 65% dos contratos rexistrados.

No resto dos sectores os homes reflicten un maior peso contractual.

Graficamente pódese apreciar o peso que reflicte o sector servizos fronte aos outros.





7.1.2. Clasificación en seccións CNAE


A Clasificación nacional de actividades económicas vixente (CNAE-2009) enumera unha serie de seccións económicas que pasamos a listar na seguinte táboa:

SECCIÓNS ECONÓMICAS CNAE-2009		Total
A	AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	223
B	INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	8
C	INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	651
D	SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	3
E	SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	32
F	CONSTRUCCIÓN	519
G	COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	1.096
H	TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	244
I	HOSTALARÍA	724
J	INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	208
K	ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	27
L	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	22
M	ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	317
N	ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	1.185
O	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	722
P	EDUCACIÓN	420
Q	ACTIVIDADES SANITARIAS E SERVIZOS SOCIAIS	810
R	ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	171
S	OUTROS SERVIZOS	281
T	ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO; ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO PRODUTO	4
TOTAL		7.667

A contratación realízase en distintas actividades económicas, aínda que convén incidir no importante peso das Actividades sanitarias e servizos sociais en consonancia cos bos resultados de inserción manexados nos cursos relacionados coa dependencia. Xunto con esta, aparecen claramente destacadas a administración e o comercio (incluíndo este a reparación de vehículos).

A sección C engloba a industria manufactureira o que non permite sacar conclusións ao respecto dado o seu carácter xenérico.

Graficamente a situación quedaría reflectida no seguinte diagrama de barras:



7.2. Grupos ocupacionais

7.2.1. Clasificación en grandes grupos ocupacionais

A Clasificación nacional de ocupacións 2011 (CNO-2011) engloba todas as ocupacións en nove grandes grupos ocupacionais que detallamos a continuación:

GRANDES GRUPOS OCUPACIONAIS CNO-2011		Homes	Mulleres	Total
0	OCUPACIÓNS MILITARES	2	2	4
1	DIRECTORES E XERENTES	7	11	18
2	TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	200	470	670
3	TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	333	309	642
4	EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	207	770	977
5	TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	559	1.883	2.442
6	TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	55	46	101
7	ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓN E MAQUINARIA)	665	106	771
8	OPERADORES DE INSTALACIÓN E MAQUINARIA E MONTADORES	344	95	439
9	OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	884	719	1.603
TOTAL		3.256	4.411	7.667



Os homes presentan un maior número de contratos no grupo de “Ocupacións elementais”, mentres que as mulleres en “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”. Os primeiros contan con máis contratos na maioría dos grupos ocupacionais, pero en dous deles marcan un diferencial moi importante con respecto ás mulleres:

- **Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria).**


O 20% da contratación masculina intégrase neste grupo marcando un diferencial moi importante cara a contratación feminina.

- **Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores**

As mulleres teñen un peso moi inferior aos homes nestas ocupacións.

Graficamente esta situación aparece recollida no seguinte gráfico de barras:

Contratos por gran grupo de ocupación





Por outra banda, a inserción das mulleres aparece claramente nesgada cara a tres grupos ocupacionais:

- **Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores.**
Este grupo ocupacional relaciónase claramente con actividades do sector servizos: hostalaría, servizos de dependencia, comercio... O 43% da contratación feminina recóllese neste sector.
- **Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina.**
Esta actividade tamén pertence ao sector servizos e integra un 17% da contratación feminina.
- **Técnicos e profesionais científicos e intelectuais.**
A porcentaxe de mulleres licenciadas e diplomadas é moi superior á que presenta o colectivo masculino.

7.2.2. Clasificación en grupos primarios

A clasificación en grandes grupos ocupacionais permítenos ter unha visión de conxunto das ocupacións nas cales, en maior medida, son contratados os alumnos inseridos.

En calquera caso, para poder afinar máis debemos coñecer aqueles grupos primarios (CNO a 4 díxitos) que contan cun maior número de contratos. Deste xeito, tratamos de establecer unha correspondencia entre os cursos con mellores resultados de inserción e a contratación real dos alumnos formados. Esta análise permitiría coñecer ata que punto a inserción acadada se podería corresponder cunha inserción neta relacionada co curso de referencia.

Presentamos a continuación unha táboa onde aparecen tan só os grupos primarios que contan con ao menos 50 contratos realizados como mostra representativa da realidade contractual do alumnado:

CON- 2011 CLASIFICADA EN GRUPOS PRIMARIOS		CONTRATOS
5220	VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	586
5120	CAMAREIROS ASALARIADOS	469
9700	PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	377
9210	PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	352
5710	TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	288
4309	EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	282
4500	EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	197
5611	AUXILIARES DE ENFERMARÍA HOSPITALARIA	190
9811	PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	138
9601	PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS	135
9543	PEÓNS FORESTAIS E DA CAZA	124



2329	PROFESORES E PROFESIONAIS DO ENSINO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	123
8432	CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN	119
5110	COCIÑEIRO ASALARIADO	111
7121	ALBANEIS	102
3724	MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	99
5629	TRABALLADORES DOS COIDADOS ÁS PERSOAS EN SERVIZOS DE SAÚDE NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	99
3510	AXENTES E REPRESENTANTES COMERCIAIS	92
4424	TELEOPERADORES	92
4423	TELEFONISTAS	88
5500	CAIXEIRO E VENDEDORES DE BILLETES (AGÁS BANCOS)	86
5721	COIDADORES DE NENOS EN GARDERÍAS E CENTROS EDUCATIVOS	78
5811	PERRUQUEIRO	74
8412	CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS	73
9310	AXUDANTES DE COCIÑA	69
7510	ELECTRICISTAS DA CONSTRUCCIÓN E AFÍNS	68
9511	PEÓNS AGRÍCOLAS (AGÁS EN HORTAS, INVERNADOIROS, VIVEIROS E XARDÍNS)	64
2122	ENFERMEIROS ESPECIALIZADOS (AGÁS MATRONOS)	63
2121	ENFERMEIROS NON ESPECIALIZADOS	62
4301	GRAVADORES DE DATOS	60
3613	ASISTENTES DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVOS	59
7312	SOLDADORES E OXICORTADORES	55
3715	ANIMADORES COMUNITARIOS	55
4412	RECEPCIONISTAS (AGÁS DE HOTEIS)	52
9512	PEÓNS AGRÍCOLAS EN HORTAS, INVERNADOIROS, VIVEIROS E XARDÍNS	52
7323	AXUSTADORES E OPERADORES DE MÁQUINAS-FERRAMENTA	51

Imos pois citar aqueles cursos con mellores resultados relativos (segundo aparecen no número 5.3. deste informe) e a súa correspondencia cos grupos primarios destacados na táboa anterior:

- Todos os relacionados coa rama da dependencia: Atención especializada para enfermos de alzhéimer, Atención sociosanitaria a persoas no domicilio, Coidador de discapacitados físicos e psíquicos, Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, Animador xerontolóxico, Auxiliar de enfermaría en xeriatria.

Os grupos primarios serían:

- Traballadores dos coidados persoais a domicilio (288 contratos)
 - Auxiliares de enfermaría hospitalaria (190 contratos)
 - Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes (99 contratos)
- Transportes: condutor de camión pesado, condutor de vehículos clases C1-C, condutor de remolque clase E.



Representados en:

- Condutores asalariados de camiós (119 contratos)

- Fabricación mecánica: soldador de estruturas metálicas lixeiras.

No grupo primario:

- Soldadores e oxicortadores (55 contratos)

- Servizos socioculturais: monitor sociocultural, monitor de educación ambiental; formador ocupacional.

Estarían reflectidos en:

- Monitores de actividades recreativas e entretemento (99 contratos)
- Animadores comunitarios (55 contratos)
- Profesores e profesionais do ensino non clasificados baixo outras epígrafes (123 contratos)

- Agraria: traballador forestal (os contratos a traballadores cualificados son 33, polo que non aparecen na táboa anterior); Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes.

Os grupos serían:

- Peóns forestais e da caza (124 contratos)
- Peóns agrícolas en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns (52 contratos)

- Electricidade e electrónica: electricista de mantemento, Instalacións de enerxías renovables en edificios.

Habería que destacar:

- Electricistas de construción e afíns (68 contratos)

- Restauración: cociña; operacións básicas de restaurante e bar.

Claramente representados en:

- Camareiros asalariados (469 contratos)
- Cociñeiros asalariados (111 contratos)
- Axudantes de cociña (69 contratos)

- Administración e xestión: secretario/a

Aparece o grupo primario:

- Asistentes de dirección e administrativos (59 contratos)

- Comercio: dependente polivalente de distribución alimentaria

O grupo con máis contratos:

- Vendedores en tendas e almacéns (586 contratos)

Reflictese un importante grao de correspondencia entre especialidades e grupos ocupacionais máis contratados. Ademais dos citados, destacan tamén os grupos que recollen actividades de peonaxe, administración e servizos de limpeza.




7.3. Tipoloxía dos contratos

O 90% da contratación ten carácter temporal. Habería que facer un seguimento dos contratos para poder calcular cantos destes se converten en indefinidos ao longo do tempo.


Tan só o 6% se correspondería con contratos indefinidos realizados no ano 2010.

O seguinte gráfico de sectores reflicte o resumo da situación:



Como dato de interese cómpre destacar que o 73% dos contratos temporais a tempo parcial son a mulleres.

Graficamente a situación sería a seguinte:





8. Evolución dos cursos 2008-2010

8.1. Análise provincial

8.1.1. Evolución no número de inseridos


A evolución do número de inseridos por provincias aparece reflectida na seguinte táboa:

	Inseridos cursos 2008	Inseridos cursos 2009	Inseridos cursos 2010
A Coruña	2.614	2.146	2.601
Lugo	1.263	1.149	1.241
Ourense	1.069	1.248	1.385
Pontevedra	3.627	2.531	2.440
GALICIA	8.573	7.074	7.667

A evolución dos alumnos dos anos 2008, 2009 e 2010 inseridos no ano natural seguinte ao da data de remate do curso, amosa un retroceso de 1.499 inseridos do alumnado 2009 con respecto aos inseridos no ano 2008, aínda que esta tendencia se corrixiu no último ano analizado, ano en que atoparon traballo 593 alumnos máis que no ano anterior.

Esta tendencia mantense en termos xerais a nivel provincial, aínda que a provincia de Ourense presenta unha excepción positiva: o seu volume de inserción aumentou de xeito sostido nos anos que tomamos como referencia.

Graficamente a situación por provincias é a que segue:





Cómpre salientar que no ano 2008 se realizaron, de xeito excepcional, un número elevado de compromisos de contratación, especialmente na provincia de Pontevedra, circunstancia que se fai notar claramente no resultado.

8.1.2. Evolución na porcentaxe de inserción


A porcentaxe de inserción que imos ver na seguinte táboa fai referencia ao peso porcentual que representan os alumnos inseridos con respecto ao total de alumnos formados.

	2008	2009	2010	variación 2010- media (08-09)
A Coruña	45%	47%	45%	-2%
Lugo	43%	46%	46%	4%
Ourense	43%	43%	43%	0%
Pontevedra	54%	47%	44%	-13%
Total Galicia	48%	46%	45%	-4%

A evolución do total de Galicia amosa unha leve tendencia descendente nos niveis de inserción dos tres anos analizados, aínda que o volume global de alumnos inseridos oscilou neste período entre o 45% e o 48%.

A variación referida á inserción acadada no último ano con respecto á media dos dous anos anteriores, rexistra unha evolución desigual entre as catro provincias: en Lugo a porcentaxe de inseridos aumentou de xeito sostido nos tres últimos anos, en Ourense mantívose estable, mentres que na Coruña se observa unha leve baixada. O peor dato resulta ser o de Pontevedra, onde a porcentaxe de inseridos descendeu desde o 54% rexistrado no alumnado 2008 ata o 44% acadado polo alumnado 2010. O volume de compromisos de contratación realizados no ano 2008 concéntranse basicamente nesta provincia, motivo polo que a inserción provincial se ve minguada de xeito substancial.

Na seguinte gráfica obsérvase de xeito máis explícito o perfil evolutivo seguido polos alumnos inseridos en Galicia.






Nas seguintes táboas e gráficas apréciase de xeito máis pormenorizado a evolución da inserción nos dous períodos bianuais.

	2009 -2008	Var. 08/09	2010-2009	Var. 09/10
A Coruña	-468	-18%	455	21%
Lugo	-114	-9%	92	8%
Ourense	179	17%	137	11%
Pontevedra	-1.096	-30%	-91	-4%
Total Galicia	-1.499	-17%	593	8%

En termos porcentuais observamos un descenso da inserción do 17% por parte dos alumnos do ano 2009 con respecto a 2008, e unha posterior recuperación do 8% no período seguinte.

A provincia de Pontevedra presenta a peor evolución da inserción (pola circunstancia xa comentada dos compromisos de contratación do 2008), mentres que A Coruña acada unha porcentaxe de inserción no último ano (21%) superior ao descenso rexistrado no período anterior (-18%). A provincia de Ourense rexistrou un incremento positivo en todo o período analizado.



8.2. Análise por familias

8.2.1. Evolución no número de inseridos

As familias profesionais correspondentes ás especialidades cursadas polos alumnos presentan un comportamento dispar na súa evolución segundo o número de inseridos rexistrados en cada unha delas.



	2008	2009	2010	2009-2008	2010-2009
Actividades Físicas e Deportivas	13	63	78	50	15
Administración e Xestión	950	1.181	1.433	231	252
Agraria	174	154	211	-20	57
Artes e Artesanías	17	30	22	13	-8
Artes Gráficas	180	185	220	5	35
Comercio e Márketing	471	209	312	-262	103
Edificación e Obra Civil	374	352	259	-22	-93
Electricidade e Electrónica	211	280	261	69	-19
Enerxía e Auga	230	191	137	-39	-54
Fabricación Mecánica	446	377	353	-69	-24
Formación Complementaria	24	27	14	3	-13
Hostalaría e Turismo	336	320	368	-16	48
Imaxe e Son	56	11	57	-45	46
Imaxe Persoal	80	106	117	26	11
Industrias Alimentarias	89	74	41	-15	-33
Industrias Extractivas	10			-10	0
Informática e Comunicacóns	791	1.121	873	330	-248
Instalación e Mantemento	78	114	80	36	-34
Madeira, Moble e Cortiza	146	157	111	11	-46
Marítimo Pesqueira	18	11	52	-7	41
Sanidade	405	286	436	-119	150
Seguridade e Medio Ambiente	46	42	71	-4	29
Servizos Socioculturais e á Comunidade	1.027	897	1.407	-130	510
Téxtil, Confección e Pel	120	57	39	-63	-18
Transporte e Mantemento de Vehículos	2.248	829	715	-1.419	-114

Podemos destacar como feito positivo o incremento no número de inseridos que acadaron, por dous anos consecutivos, os alumnos das familias correspondentes a Actividades Físicas e Deportivas, Administración e Xestión, Artes Gráficas e Imaxe Persoal. No caso de Administración e Xestión, ademais falamos dun importante incremento de inseridos: 231 no ano 2009 con respecto ao 2008 e 252 no ano 2010 con respecto ao 2009.

Pola contra, os alumnos das familias de Edificación e Obra Civil, Enerxía e Auga, Fabricación Mecánica, Industrias Alimentarias, Téxtil, Confección e Pel, e especialmente, Transporte e Mantemento de Vehículos, rexistraron un descenso do número de inseridos nos dous últimos anos analizados.



8.2.2. Evolución na porcentaxe de inserción

A porcentaxe de inserción por familia fai referencia aos alumnos que atoparon traballo en relación ao número de alumnos formados en cursos correspondentes a esa familia profesional.


	2008	2009	2010	Variación 2009-2010	Variación 2010 – (08-09)
Actividades Físicas e Deportivas	42%	60%	53%	-7%	5%
Administración e Xestión	42%	47%	43%	-5%	-5%
Agraria	44%	48%	45%	-3%	-2%
Artes e Artesanías	26%	43%	31%	-12%	-10%
Artes Gráficas	42%	44%	40%	-4%	-8%
Comercio e Márketing	42%	43%	45%	2%	5%
Edificación e Obra Civil	42%	47%	40%	-7%	-10%
Electricidade e Electrónica	41%	46%	44%	-2%	1%
Enerxía e Auga	52%	50%	54%	3%	5%
Fabricación Mecánica	59%	59%	53%	-7%	-11%
Formación Complementaria	31%	28%	50%	22%	69%
Hostalaría e Turismo	48%	42%	44%	1%	-3%
Imaxe e Son	53%	48%	44%	-4%	-13%
Imaxe Persoal	48%	46%	43%	-2%	-7%
Industrias Alimentarias	47%	51%	42%	-9%	-14%
Informática e Comunicacóns	36%	37%	35%	-2%	-6%
Instalación e Mantemento	42%	49%	53%	4%	17%
Madeira, Moble e Cortiza	41%	47%	41%	-6%	-7%
Marítimo Pesqueira	72%	39%	50%	10%	-11%
Sanidade	47%	45%	46%	1%	1%
Seguridade e Medio Ambiente	52%	55%	47%	-8%	-13%
Servizos Socioculturais e á Comunidade	46%	49%	52%	3%	9%
Téxtil, Confección e Pel	35%	39%	43%	4%	17%
Transporte e Mantemento de Vehículos	24%	55%	51%	-4%	29%

A variación interanual no período de referencia analizado rexistra unha evolución positiva nas porcentaxes de inserción referidas ás seguintes familias profesionais: Comercio e Márketing, Enerxía e Auga, Instalación e Mantemento, Sanidade, Servizos Socioculturais e á Comunidade e Téxtil, Confección e Pel.

O descenso da porcentaxe de inserción durante dous anos consecutivos corresponde á maior parte do resto das familias.



Graficamente a evolución da inserción 2010 con respecto á media dos anos anteriores aparece reflectida no seguinte diagrama de barras:





8.3. Análise dos alumnos inseridos


8.3.1. Evolución no número de inseridos por grupos de idade

Presentamos unha táboa que recolle a repartición do alumnado por grupos de idade para os tres anos e as variacións entre estes períodos:

	2008	2009	2010	Variación			
				2009	%	2010	%
<=25	2.221	1.520	1.542	-701	-31,56	22	1,45
26 a 45	5.454	4.777	5.315	-677	-12,41	538	11,26
>=46	898	777	810	-121	-13,47	33	4,25
Total	8.573	7.074	7.667	-1.499	-17,49	593	8,38

En todos os grupos de idade a evolución da inserción rexistra unha caída no alumnado 2009, e unha posterior recuperación en 2010. O maior descenso correspondeu aos menores de 25 inseridos no 2010, mentres que o maior incremento se rexistrou nas insercións no 2011 entre os alumnos de idades comprendidas entre os 26 e os 45 anos

Graficamente a situación é a seguinte:






8.3.2. Evolución no número de inseridos por niveis académicos

Presentamos una táboa similar á do punto anterior:

	2008	2009	2010	2009	Var.09/08	2010	Var.10/09
Ata certificado de escolaridade	1.149	978	835	-171	-15%	-143	-15%
BUP / bacharelato superior / COU	1.196	1.003	1.016	-193	-16%	13	1%
Formación profesional	1.711	1.428	1.623	-283	-17%	195	14%
Titulación ensino obrigatorio	3.810	3.061	3.292	-749	-20%	231	8%
Titulados universitarios	707	604	901	-103	-15%	297	49%
Total	8.573	7.074	7.667	-1.499	-17%	593	8%

A evolución por niveis académicos tamén rexistra un descenso dos inseridos no alumnado 2009 e un aumento para o do 2010, agás nos alumnos de inferior titulación, correspondentes a ata certificado de escolaridade, que rexistran un descenso nos dous anos. O maior ascenso correspondeu ao colectivo dos titulados universitarios que acadaron no último ano un incremento da inserción do 49% con respecto á rexistrada no ano anterior.

Graficamente a situación descrita é a seguinte:





9. Conclusións

A raíz da análise realizada ao longo deste informe podemos extraer unha serie de conclusións que resaltan aspectos e reflexións que consideramos de interese:

- A Consellería de Traballo e Benestar formou ao longo do ano 2010 un total de 17.159 alumnos que acadaron un **45% de inserción laboral**.

9.1. Análise territorial

- Os resultados de inserción por provincias son bastante parellos situándose lixeiramente por riba a provincia de Lugo (46%).
- A programación comarcal concéntranse en 30 comarcas, aglutinando un 94% dos alumnos formados.
- Nas comarcas con menos alumnado obtéñense mellores resultados relativos, o que pode indicar unha mellor orientación dos centros cara á demanda empresarial da zona. As comarcas de entre 30-100 formados acadan un **50% de inserción**.

*A formación para o emprego serve para achegar formación axeitada a grupos reducidos de alumnos e ata comarcas que, en moitos casos, non contan con recursos formativos que lles permita **flexibilizar a formación** en función dos requirimentos do mercado de traballo.*

9.2. Análise por familias

- A familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade é a que recolle mellores resultados se atendemos ao número de alumnos formados (2.702) e inserción acadada (52%).
- A área de dependencia é a que conta cos cursos con mellores resultados relativos. O novo certificado de profesionalidade “**Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais**” acada un **60% de inserción**.
- A inserción da familia no seu conxunto pode ser orientativa pero a inserción por especialidades é a que indica o éxito laboral das distintas accións formativas. O novo certificado de “Cociña” obtén un 55% de inserción, cando a familia a que pertence presenta un 44%.

*A programación anual faise atendendo a **necesidades concretas por especialidades**. A Consellería de Traballo e Benestar vén priorizando de xeito sistemático a formación en servizos á dependencia pola necesidade social detectada e os requirimentos que neste senso solicita o mercado de traballo.*



9.3. Análise alumnos inseridos

- Aproximadamente o 55% do alumnado son mulleres e acadan unha inserción do 58%.
- O número de mulleres inseridas por niveis académicos supera o dos homes agás en menores de 25 anos con estudos de “ata certificado de escolaridade”. Indicaría unha contratación de homes novos nas ocupacións elementais posiblemente porque decidan incorporarse ao mercado laboral sen ter rematados estudos, circunstancia menos habitual nas mulleres.
- A titulación de ensino obrigatorio é o nivel máis habitual de estudos.
- Por grupos de idade o nivel académico de “ata certificado de escolaridade” ten especial incidencia nos máis novos e nos maiores de 46 anos. Os primeiros por non ter rematados estudos, e os segundos porque quedarse sen traballo a partir desa idade e non contar cun nivel académico que facilite a súa reinserción laboral, dificulta a súa posterior reincorporación ao mercado de traballo

*A formación para o emprego cobre as **necesidades formativas de persoas** que por idade ou nivel académico teñen dificultades para incorporarse ao mercado de traballo.*

9.4. Análise dos contratos realizados

- O 81% dos contratos son no sector servizos. Este é o único sector onde as mulleres se sitúan claramente por riba dos homes cun 65% de contratación.
- As mulleres concentran a súa contratación no gran grupo ocupacional de “Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, onde aparecerían integrados os servizos de dependencia.
- Os homes presentan unha contratación máis diversificada e moi nesgada con respecto ás mulleres nos seguintes grupos: “Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)” e “Operadores de instalacións en maquinaria e montadores”.
- Existe unha clara correspondencia entre os cursos con maior inserción e os grupos primarios con máis contratos o que apuntaría cara a unha **inserción neta relevante**.
- O 90% da contratación é temporal.
- O 73% da contratación temporal a tempo parcial corresponde a mulleres.



9.5. Evolución dos cursos 2008-2010

- Ao longo do período 2008-2010 atoparon traballo un total de 23.314 alumnos de formación para o emprego.
- As taxas de inserción acadan niveis aceptables en todo o período, aínda que cómpre salientar a importante recuperación reflectida no último ano analizado, cun incremento interanual no número de inseridos dun 8%.
- A provincia de Lugo é a que presenta unha variación interanual máis positiva nas súas porcentaxes de inserción.
- Aparecen unha serie de familias que, ademais de reflectir unha inserción superior á media galega no 2010, presentan variación interanual positiva no período analizado: Transporte e Mantemento de Vehículos, Enerxía e Auga, Instalación e Mantemento, Actividades Físicas e Deportivas, Sanidade e Servizos Socioculturais e á Comunidade.
- O número de inseridos por grupos de idade recupérase claramente no ano 2010.
- A evolución do volume de inseridos indica claramente unha correlación co nivel académico xa que o único grupo que non mellora resultados no 2010 é o de “ata certificado de escolaridade”, pola contra, a maior recuperación ten lugar no grupo de titulados universitarios.

galicia



XUNTA
DE GALICIA